

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011750	CPR Plurilingüe Don Bosco	Vigo	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	6
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	11
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	14
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	15
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	15
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	16
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	16
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	17
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	17
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	19
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	19
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	21
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	21
o) Outros apartados	22

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

ETAPA EDUCACIÓN INFANTIL:

O decreto 150/2022 do 8 de setembro establece a ordenación e o currículo da etapa de educación infantil. A continuación preséntase os obxectivos para esta etapa, e debaixo deles, o enfoque particular que lle damos dende o CPR Don Bosco para adecualos ao contexto do centro:

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciar nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Tal e como se recolle no PEC do centro, a finalidade educativa que pola que traballamos persegue axudar á rapazada na súa formación integral, atendendo ao desenvolvemento de todas as dimensións da persoa. Desta forma, englobaremos os anteriores obxectivos e a súa concreción ao contexto do centro nos seguintes ámbitos:

1. Os relativos ao desenvolvemento físico, afectivo e intelectual (obxect. A, C, D, F, G) Nesta idade temperá é fundamentar acompañar aos pequenos e pequenas no descubrimento do seu *xeu* feito de realidades e posibilidades, a través do coñecemento de si mesmos e da construción da súa autoestima guiándoos na superación de límites e dificultades. Tamén é fundamental nesta primeira etapa a autonomía na acción, e o fomento de experiencias de aprendizaxe para construír os seus propios coñecementos con técnicas e metodoloxías apropiadas. Finalmente, é para nós fundamental procurarles as ferramentas que poidan necesitar para sentirse felices consigo mesmos.

2. Os relativos á educación social (obxect. B, E, H, I) cabe resaltar que esta etapa pode ser en moitos casos a primeira experiencia de socialización dos nenos e nenas, e nos parece fundamental asentar unhas bases firmes e sas para a relación do neno/a cos iguais, cos adultos, coa contorna e cunhas normas e valores claros, recoñecéndose como persoas complementarias e necesarias na construción da sociedade e na elaboración da cultura. Fomentarase un ambiente de cooperación, compañeirismo e solidariedade. Facilitarase o descubrimento da riqueza que achega a diversidade de persoas, e os valores dunha sociedade intercultural, sensibilizando ante situacións de desigualdade.

3. Os relativos á apertura ao transcendente (obxect. D, E): como centro relixioso, cremos nos valores de Xesús e así intentamos vivilos e transmitilos, dende unha oferta respectuosa e de vivencia libre dunha experiencia de fe, adaptada á idade dos nosos nenos e nenas.

EDUCACIÓN PRIMARIA

O decreto 155/2022 do 15 de setembro establece a ordenación e o currículo da etapa de educación primaria. A continuación preséntase os obxectivos para esta etapa, e debaixo deles, o enfoque particular que lle damos dende o CPR Don Bosco para adecualos ao contexto do centro:

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na

aprendizaxe, e espírito emprendedor.

- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Tal e como se recolle no PEC do centro, a finalidade educativa que pola que traballamos persegue axudar á rapazada na súa formación integral, atendendo ao desenvolvemento de todas as dimensións da persoa. Desta forma, englobaremos os anteriores obxectivos e a súa concreción ao contexto do centro nos seguintes ámbitos:

1. Os relativos ao DESENVOLVEMENTO FÍSICO, afectivo e intelectual (obxect. B, E, F, G, H, I, J, K, N, Ñ): é prioridade para nós continuar a construír o seu *xeu* feito de realidades e posibilidades, a través do coñecemento de si mesmos, a autoestima e a superación de límites e dificultades. Promovendo hábitos de vida saudables, tanto no relativo ao físico como ao emocional. Fomentando a autonomía na acción, unida á relación e responsabilidade. Formando persoas con humanidade e profesionalidade que contribúan ao cambio social desde o seu propio traballo, e ao cambio de mentalidade desde unhas conviccións sólidas inspiradas no humanismo cristián. Aportando experiencias de aprendizaxe para construír os seus propios coñecementos con técnicas e metodoloxías apropiadas (plurilingüístico, aprendizaxe cooperativo e traballo das intelixencias múltiples, a través do xadrez, da iniciación á programación...), dinámicas de acción-reflexión-acción nas intervencións educativas dentro e fora da aula, avaliando e ensinando a autoavaliación do progreso e maduración da persoa nas súas actitudes, capacidades, coñecementos e habilidades. Atendendo ás diferentes necesidades educativas e adecuándonos aos diferentes ritmos de aprendizaxe. Procurando a orientación que necesitan para sentirse felices.

2. Os relativos á EDUCACIÓN SOCIAL (obxect. A, B, C, D, K, L, M): traballamos para que os rapaces e rapazas se recoñezan persoas complementarias e necesarias na construción da sociedade e na elaboración da cultura, fomentando un ambiente de cooperación, compañeirismo e solidariedade, facilitando fontes de información, contactos coa realidade circundante, redes de comunicación e experiencias de compromiso con problemas sociais. É importante tamén para nós que descubran a riqueza que achega a diversidade de persoas, e os valores dunha sociedade intercultural. Fomentaremos o exercicio da cooperación e o traballo en equipo, a solidariedade e a comunicación como experiencias de convivencia e de servizo. Trataremos de sensibilizar ante situacións de desigualdade, inxustiza, discriminación social, económica ou cultural a partir da propia contorna.

3. Os relativos á APERTURA AO TRANSCENDENTE (D, E, M): como centro relixioso, cremos nos valores de Xesús e así intentamos vivilos e transmitilos, dende unha oferta respectuosa e de vivencia libre dunha experiencia de fe, adaptada á idade dos nosos nenos e nenas.

EDUCACIÓN SECUNDARIA

O decreto 156/2022 do 15 de setembro establece a ordenación e o currículo da etapa de educación secundaria obrigatoria. A continuación preséntase os obxectivos para esta etapa, e debaixo deles, o enfoque particular que lle damos dende o CPR Don Bosco para adecualos ao contexto do centro:

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Tal e como se recolle no PEC do centro, a finalidade educativa que pola que traballamos persegue axudar á rapazada na súa formación integral, atendendo ao desenvolvemento de todas as dimensións da persoa. Desta forma, englobaremos os anteriores obxectivos e a súa concreción ao contexto do centro nos seguintes ámbitos:

1. Os relativos ao DESENVOLVEMENTO FÍSICO, AFECTIVO E INTELLECTUAL (Obxect. A, B, D, E, F, G, H, I, J, K, L, N) é prioridade para nós axudar ao alumnado a consolidar o seu *xeu* feito de realidades e posibilidades, a través do coñecemento de si mesmos, a autoestima e a superación de límites e dificultades. Promovendo hábitos de vida saudables, tanto no relativo ao físico como ao emocional (e sen descoidar o sexual, tan importante nesta etapa). Fomentando a autonomía na acción, unida á relación e responsabilidade. Formando persoas con humanidade e profesionalidade que contribúan ao cambio social desde o seu propio traballo, e ao cambio de mentalidade desde unhas conviccións sólidas inspiradas no humanismo cristián. Aportando experiencias de aprendizaxe para construír os seus propios coñecementos con técnicas e metodoloxías apropiadas (achegándose ás materias dunha forma máis estruturada e académica, cunha grande relevancia no plurilingüístico que ademais de dende a aula, se traballará a través de experiencias inmersivas, participando en diversos programas do Concello, do Ministerio e en colaboración con entidades privadas) dinámicas de acción-reflexión-acción nas intervencións educativas dentro e fora da aula,

avaliando e ensinando a autoavaliación do progreso e maduración da persoa nas súas actitudes, capacidades, coñecementos e habilidades. Atendendo ás diferentes necesidades educativas e adecuándonos aos diferentes ritmos de aprendizaxe. Procurando a orientación que necesitan para sentirse felices.

2. Os relativos á EDUCACIÓN SOCIAL (obxect. A, B, C, D, K, M, N) traballamos para que os rapaces e rapazas se recoñezan persoas complementarias e necesarias na construción da sociedade e na elaboración da cultura, fomentando un ambiente de cooperación, compañeirismo e solidariedade, facilitando fontes de información, contactos coa realidade circundante, redes de comunicación e experiencias de compromiso con problemas sociais. É importante tamén para nós que descubran a riqueza que achega a diversidade de persoas, e os valores dunha sociedade intercultural. Fomentaremos o exercicio da cooperación e o traballo en equipo, a solidariedade e a comunicación como experiencias de convivencia e de servizo. Trataremos de sensibilizar ante situacións de desigualdade, inxustiza, discriminación social, económica ou cultural a partir da propia contorna.

3. Os relativos á APERTURA AO TRANSCENDENTE (D, E, M): como centro relixioso, cremos nos valores de Xesús e así intentamos vivilos e transmitilos, dende unha oferta respectuosa e de vivencia libre dunha experiencia de fe, adaptada á idade dos nosos nenos e nenas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Os decretos 150/2022 do 8 de setembro, 155/2022 do 15 de setembro e 156/2022 do 15 de setembro que establecen os currículos para as etapas de educación infantil, primaria e secundaria respectivamente, marcan unha serie de competencias a acadar durante a educación básica. Pero antes de analizar cada unha delas, queremos lembrar que dende cada materia, e en relación con cada obxectivo, asóciase o traballo das competencias cunha base mínima establecida, que cada docente pode ampliar segundo a propia programación da materia. Así que consideramos que a nosa función neste punto é indicar como a nivel centro imos reforzar o traballo das competencias e compartir pautas de actuación para o traballo das mesmas nas aulas. Ademais, cabe sinalar que todas as competencias constan de 3 dimensións: cognitiva (compresión e asimilación de información), instrumental (uso dos coñecementos para a obtención de resultados) e actitudinal (capacidade de acción ou reacción ante ideas ou situacións), así que nas liñas xerais para o traballo das competencias e a adquisición efectiva das mesmas, temos que ter presentes estas tres dimensión e deseñar plans, actividades, experiencias, proxectos...que favorezan e desenvolvan todas elas, e mellor se é de forma integrada.

Agora imos coa análise individual de cada competencia, sinalando o fundamental de cada unha para nós, algúns elementos polos que velaremos nos que queremos incidir de forma especial, e, finalmente, algúns mecanismos cos que conta o centro para o fomento destas competencias.

a) COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL).

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Haberá que ter en conta, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritos, signados ou multimodales, evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa. Ademais, a CCL constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento e todos os ámbitos do saber. Por iso o seu desenvolvemento ten que estar vencellado aos usos da oralidade e da escritura para pensar e para aprender. Finalmente tamén se potenciará a dimensión estética da linguaxe e o desfrute da cultura literaria.

En base ao anteriormente explicado, dende o colexio Don Bosco nos preocuparemos de forma prioritaria de que as actuacións relacionadas coa adquisición da CCL o alumnado consiga:

- Adquirir e desenvolver sucesiva e progresivamente a linguaxe, dado que é a base de calquera aprendizaxe
- Aprender vocabulario, gramática funcional e funcións da linguaxe.
- Fomentar a comunicación de forma oral e escrita en múltiples situacións, tendo especial coidado pola adaptación da comunicación aos requisitos do contexto.
- Adquirir habilidades para distinguir e utilizar distintos tipos de fontes, procurar, recompilar e procesar a información.
- Construír pensamento crítico.
- Dispoñer ao diálogo construtivo, podendo formular e expresar os propios argumentos orais e escritos de forma convincente e adaptada ao entorno.

Finalmente, sinalaremos algúns mecanismos cos que conta o centro de forma global para o fomento desta competencia (fora do anteriormente sinalado sobre as materias): departamento de orientación (e especialistas en AL), Equipo de dinamización das linguas, actualmente inmerso na remodelación da Biblioteca (trala concesión do PLAMBE), RadioBosco.

b) COMPETENCIA PLURILINGÜE (CP).

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas e, no seu caso, manter e adquirir destrezas nas linguas familiares e nas oficiais. Resaltar que tamén se terán en conta as dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade, e desta forma contribuír ao fomento da convivencia democrática.

En base ao anteriormente explicado, dende o colexio Don Bosco nos preocuparemos de forma prioritaria de que as actuacións relacionadas coa adquisición da CP o alumnado consiga:

- Coñecer o vocabulario, a gramática funcional de distintas linguas, dos tipos de interacción verbal e das convencións sociais dos aspectos culturais e da diversidade lingüística.
- Habilitar para entender mensaxes orais de iniciar, manter e concluír conversacións e de ler, entender e producir textos con distintos niveis de competencias en distintas linguas.
- Capacitar a aprendizaxe de idiomas de maneira formal, non formal e informal ao longo da vida.
- Fomentar unha actitude positiva cara a apreciación da diversidade cultural, e interese e curiosidade polas diferentes linguas e a comunicación intercultural.
- Transmitir o respecto polo perfil lingüístico individual de cada persoa.

Finalmente, sinalaremos algúns mecanismos cos que conta o centro de forma global para o fomento desta competencia (fora do anteriormente sinalado sobre as materias): en primeiro lugar, sinalar que somos un centro plurilingüe, que conta co ensino de inglés, ademais das dúas linguas cooficiais en Galicia, dende dúas materias en EP, e nunha materia en ESO, ademais da optativa de francés nos 4 cursos da ESO. Trataremos de velar pola presenza o máis equitativa posible das 4 linguas (por exemplo en carteleiras, mensaxes nas RRSS, comunicacións, na páxina web, libros de lectura...). Contamos cun auxiliar de conversa, que ten horas en todos os cursos das 3 etapas. Estamos a impulsar un proxecto de Erasmus. Solicitamos regularmente estancias de inmersión para o noso alumnado (este curso, concedida a inmersión lingüística do ministerio para 2ºESO). Contaremos cunha docente estranxeira (de fala francesa) que fará unha estancia no centro para o intercambio de experiencias.

c) COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA (CMCT).

A competencia matemática e a competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría implica a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar o entorno de forma comprometida, responsable e sostible. A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos coa fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos. A competencia en ciencia implica a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, coa fin de plantexar preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social. A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

En base ao anteriormente explicado, dende o colexio Don Bosco nos preocuparemos de forma prioritaria de que coas actuacións relacionadas coa adquisición da CMCT o alumnado consiga:

- Coñecer os números, medidas, estruturas, operacións básicas e termos e conceptos matemáticos.
- Aplicar os principios e procesos matemáticos básicos en situacións cotiás da vida privada e profesional.
- Comprender os principios básicos da natureza, dos conceptos, teorías, principios e métodos fundamentais e da tecnoloxía e os produtos e procesos tecnolóxicos.
- Comprender a incidencia que teñen a ciencia, a tecnoloxía, a enxeñaría e a actividade humana na natureza.
- Comprender os avances, as limitacións e os riscos das aplicacións das tecnoloxías na sociedade.
- Adquirir as habilidades para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas.
- Recoñecer os trazos esenciais da investigación científica
- Adquirir actitudes de xuízo e curiosidade críticas, así como inquietude polas cuestións éticas e o respaldo á seguridade e sustentabilidade medioambiental.

Finalmente, sinalaremos algúns mecanismos cos que conta o centro de forma global para o fomento desta

competencia (fora do anteriormente sinalado sobre as materias): o centro aposta por traballar co alumnado de EI e EP durante unha hora á semana XADREZ (que axudará a estruturar o pensamento), tamén estamos a introducir a PROGRAMACIÓN, de forma paulatina dende infantil, na materia de matemáticas. Outra forma na que dende o centro se impulsa esta competencia é a través do proxecto de centro deste curso (¿Ciencias para o desenvolvemento sostible)

d) COMPETENCIA DIXITAL (CD).

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

En base ao anteriormente explicado, dende o colexio Don Bosco nos preocuparemos de forma prioritaria de que coas actuacións relacionadas coa adquisición da CD o alumnado consiga:

- Comprender os principios xerais, os mecanismos e a lóxica subxacentes á evolución das tecnoloxías dixitais.
- Coñecer a función e uso básicos dos distintos dispositivos, software e redes.
- Unha visión crítica da validez, fiabilidade e impacto da información e dos datos obtidos por medios dixitais.
- Recoñecer os principios legais e éticos que implican o uso das tecnoloxías dixitais, usando estas ferramentas de forma responsable.
- Utilizar, acceder, filtrar, avaliar, crear, programar e compartir contidos dixitais, xestionando e protexendo a información, os contidos, os datos e as identidades dixitais.

Finalmente, sinalaremos algúns mecanismos cos que conta o centro de forma global para o fomento desta competencia (fora do anteriormente sinalado sobre as materias): como comentamos anteriormente, o centro aposta pola incorporación á linguaxe da programación dende unha idade temperá (dende EI). Por outra banda, estamos a implantar o Plan Dixital de centro elaborado no curso 21-22, para acadar os obxectivos plantexados no mesmo.

Tamén é aposta do centro dende fai anos o traballo a través da aula virtual ¿Teams¿ para facilitar esta alfabetización dixital do alumnado, e o traballo con diferentes soportes (así, o alumnado dende 3º de EP conta co seu propio correo corporativo de Microsoft, que lle da acceso tanto á plataforma, como a múltiples aplicacións). Coas familias traballamos a través da aplicación ¿Esemtia¿, e impulsamos o bo uso das Redes Sociais e da Web do centro como mecanismo de expresión e información. O centro tratará de solicitar plans e programas para facer consciente ao alumnado dos riscos das redes e o bo uso das mesmas (a través do Departamento de Orientación, que solicita o Plan Director e outros programas de axentes externos deste estilo que completen esta formación) Tamén dende a biblioteca se traballa non so no uso clásico en soporte papel, senón que é obxectivo o acceso e cribado da información en soporte dixital, e da mesma forma traballa tamén RadioBosco.

e) COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER (CPSAA).

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información de forma eficaz; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia, e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de facer fronte á incertidume e a complexidade, adaptarse aos cambios, aprender a xestionar os procesos metacognitivos, identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas, contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidar dun mesmo e dos que nos rodean a través da corresponsabilidade. Ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro, así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

En base ao anteriormente explicado, dende o colexio Don Bosco nos preocuparemos de forma prioritaria de que coas actuacións relacionadas coa adquisición da CPSAA o alumnado consiga:

- Asumir códigos de conduta e normas de comunicación xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornas.
- Ser conscientes das estratexias de aprendizaxe que un profire, e coñecer as propias necesidades de desenrolo.
- Buscar oportunidades laborais, de educación e formación máis oportunas posibles ao longo de toda a vida.
- Habilitarse para aprender e traballar de tanto de forma colaborativa coma autónoma.
- Ser tolerantes para expresar e comprender puntos de vista diferentes, así como acadar a habilidade de inspirar confianza e sentir empatía.
- Respetar a diversidade dos demais e as súas necesidades.

Finalmente, sinalaremos algúns mecanismos cos que conta o centro de forma global para o fomento desta

competencia (fora do anteriormente sinalado sobre as materias): o centro promoverá o relativo á capacidade de aprender a aprender dotando ao alumnado de ferramentas que faciliten a autonomía neste senso ensino de técnicas de estudo, de saber onde atopar e filtrar a información adecuada....). En canto ao fomento de valores tanto para o crecemento persoal como para o crecemento como cidadáns que viven e constrúen unha sociedade mellor, confiamos no Departamento de Orientación, que velará neste sentido, actuará ante situacións conflitivas neste aspecto, de forma individual con alumnado máis afectado, e a través da mediación dos titores, actuando con todos os grupos. O Departamento de Orientación tamén se ocupa da orientación profesional (coa axuda dos titores) en 3º e 4º de ESO, e está a desenvolver un programa Afectivo-Sexual, para levar a cabo de forma transversal en todo o centro. O traballo en valores que leva a cabo o D.O. vese reforzado loa actuación do Departamento de Pastoral, a través dos Bos Días (nos que traballamos os *¿Días de¿*, valores de promoción humana, individuais e cara a sociedade, a semana Vocacional, encamiñada a reflexionar sobre o propio futuro e como este pode tamén mellorar a sociedade, campañas solidarias...)

Contamos con programas nalgúns cursos de colaboración con centros de maiores, e solicitamos charlas externas que axuden a formar ao alumnado en temas que impulsan esta competencia (mediación entre o alumnado, xestión emocional...)

f) COMPETENCIA CIDADÁ (CC).

A competencia cidadá contribúe a que o alumnado poida exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente da vida social e cívica, baseándose na comprensión e os conceptos e estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como o coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable, acorde cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles (axenda 2030)

En base ao anteriormente explicado, dende o colexio Don Bosco nos preocuparemos de forma prioritaria de que coas actuacións relacionadas coa adquisición da CC o alumnado consiga:

- Interiorizar conceptos e fenómenos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, a sociedade, a economía e á cultura.
- Comprender os valores comúns, de acontecementos contemporáneos, e tamén de forma crítica os acontecementos máis destacados da historia nacional, europea e mundial.
- Interactuar eficazmente con outras persoas no interese común ou público, incluído o desenvolvemento sustentable da sociedade.
- Fomentar o pensamento crítico e a resolución de problemas integrada, tomando decisións a todos os niveis.
- Respetar os dereitos humanos.
- Participación na toma de decisións democráticas en todas as actividades cívicas.
- Apoiar á diversidade social e cultural, a igualdade de xénero e a cohesión social, e fomentar a cultura da paz e da non violencia.

Finalmente, sinalaremos algúns mecanismos cos que conta o centro de forma global para o fomento desta competencia (fora do anteriormente sinalado sobre as materias): Seguindo coa liña do apartado anterior, traballarase os *¿Días de¿* que marca o calendario escolar, e que son moi adecuados para a práctica desta competencia. Dende o D.O e o departamento de Pastoral traballarase neste senso tamén, poñendo énfase na responsabilidade como consumidores responsables fomentando valores de austeridade, solidariedade e reflexión sobre os métodos de produción e obsolescencia programada; concepción do colexio como unha primeira experiencia de sociedade e democracia, aprendendo exercer os seus dereitos e deberes (Proxecto: *¿Protagonismo da mocidade¿*: traballo en titorías da cidadanía responsable, e presenza en reunións de etapas dos delegados co profesorado, para transmitir necesidades) e difusión (e animación) dos órganos colexiados cos que conta o centro (especialmente o Consello Escolar). E, para rematar, fundamental a aposta pola necesidade de inculcar o respecto a todas as diferenzas.

g) COMPETENCIA EMPRENDEDORA (CE).

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Aporta estratexias que permiten adaptar a mirada, para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación, e espertar a disposición a aprender, arriscar e afrontar a incerteza. Da mesma forma, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades

de comunicación e negociación, para levar as ideas formuladas á acción, mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financiero.

En base ao anteriormente explicado, dende o colexio Don Bosco nos preocuparemos de forma prioritaria de que coas actuacións relacionadas coa adquisición da CE o alumnado consiga:

- Saber que existen diferentes contextos e oportunidades para materializar as ideas en actividades persoais, sociais e profesionais, e entender como xorden.
- Coñecer os principios éticos e desafíos do desenvolvemento sustentable.
- Crecer en creatividade, imaxinación, pensamento estratéxico, resolución de problemas e reflexión crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e a innovación.
- Traballar individualmente e en equipo.
- Ter sentido de iniciativa, proactividade e visión de futuro.
- Fomentar a valentía, a perseveranza na consecución dos obxectivos.
- Valorar a forza para facer fronte á incerteza, a ambigüidade e o risco.

Finalmente, sinalaremos algúns mecanismos cos que conta o centro de forma global para o fomento desta competencia (fora do anteriormente sinalado sobre as materias): Fomentárase o traballo por proxectos e traballo cooperativo. Todos os cursos tempos un proxecto común de centro, a traballar dende todas as etapas, cursos e materias a través de actividades diferentes, máis abertas e creativas. No crecemento en creatividade e a imaxinación tamén estará moi presente a Biblioteca de centro (e todas as actividades que parten del, como clubs de lectura, RadioBosco...).

h) COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAI (CCEC).

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo no que as ideas, opinións, sentimentos e emocións se expresan e comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenrolo e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Da mesma forma, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e darlle forma.

En base ao anteriormente explicado, dende o colexio Don Bosco nos preocuparemos de forma prioritaria de que coas actuacións relacionadas coa adquisición da CCEC o alumnado consiga:

- Coñecer as culturas e expresións locais, nacionais, rexionais, europeas e internacionais.
- Comprender as distintas formas de comunicación: textos escritos, impresos e dixitais, o teatro, o cine, a danza, os xogos, a arte e o deseño, a música, os rituais e a arquitectura, así como as formas híbridas.
- Valorar o patrimonio cultural.
- Abrirse cara as diversas manifestacións culturais e fomentar o respecto cara elas.
- Entender o plantexamento ético e responsable da propiedade intelectual e cultural.
- Ter unha actitude positiva e curiosidade polo mundo.
- Participar en experiencias culturais.

Finalmente, sinalaremos algúns mecanismos cos que conta o centro de forma global para o fomento desta competencia (fora do anteriormente sinalado sobre as materias): a través do traballo dos *¿Días de¿* que marca o calendario escolar (de forma unificada para o centro en moitas ocasións, dende os Bos Días), impulsando e facilitando o traballo do Equipo de Normalización e dinamización das linguas, e priorizando as súas propostas que reverten no enriquecemento do patrimonio cultural galego, e das diferentes rexións nas que se falan nas linguas traballadas no centro. Dende a Biblioteca e o seu traballo en favor do fomento da lectura, e en consecuencia de toda a cultura á cal a lectura nos abre as portas, traendo escritores ao centro. Planificando saídas culturais axeitadas á adquisición desta competencia.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Os currículos das tres etapas (EI, EP e EI) indican que, sen prexuízo do tratamento específico dalgúns temas nalgúns materias, hai unha serie de elementos que deben de estar presentes nas programacións de todas as materias, en todos os cursos e en todas as etapas. Este documento vai concretar cales son eses elementos transversais, así como algúns criterios xerais e pautas de como se poden introducir.

A necesidade de incorporar os elementos transversais xorde coa filosofía dunha formación integral da persoa, e trala observación nos últimos anos de que a sociedade sensibilizouse nalgúns aspectos que inciden directamente na marcha do sistema. Algúns trátanse sempre dentro do currículo, outros son elaborados como complemento á programación. Son temas de impacto actual e de grande importancia, e son os seguintes:

1.- COMPRENSIÓN LECTORA E EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA.

Tendo en conta que a comprensión lectora é unha ferramenta básica e fundamental para calquera aprendizaxe, débese ter en conta a dimensión instrumental da lectura como vehículo para o estudo. Existe, pois, unha relación directa entre o bo nivel lector e a consecución dos obxectivos que se expoñen nas diferentes áreas. Por tanto, se identificamos as dificultades lectoras dos nosos alumnos e programamos actividades para superalas, estaremos a incidir directamente nos seus resultados escolares. Estaremos entón moi pendentes do desenvolvemento lector do noso alumnado, e a súa progresión cara capacidade de extraer información dos textos, valorar dita información e integrar dita información no seu esquema de coñecemento.

En canto ao desenvolvemento da expresión oral e escrita, é outro dos principais aspectos do noso proxecto. A súa aprendizaxe e a súa posta en práctica débense abordar dunha maneira global, a través de propostas en todas as áreas. O enfoque da escritura como proceso e a necesidade de planificar a expresión oral son as dúas ideas clave desta proposta. Prográmanse un gran número de tarefas de carácter competencial que requiren, xeralmente, a posta en práctica de habilidades orais e escritas. En canto ao tratamento da expresión oral, expóñense situacións de intercambio comunicativo nas que os alumnos participan de forma planificada e cooperadora. As actividades das distintas áreas que inclúan a expresión oral e escrita como contidos transversais deben ter en conta que non é o mesmo o obxectivo dunha actividade que o seu modo de resolución. Só apreciando esa diferenza, evitaremos un erro moi común, que consiste en considerar que calquera actividade que se resolve oralmente é *¿de expresión oral¿* e, pola mesma razón, todas as que se realizan por escrito son *¿de expresión escrita¿*, xa que a actividade ha de perseguir, ademais do obxectivo propio da área que se trate, un obxectivo lingüístico. Por tanto, á hora de avaliar a actividade, non só habemos de ter en conta o contido do expresado, senón a forma e o modo de expresión. Non se trata de renunciar á esixencia do contido, senón de estendelo tamén á calidade expresiva da mensaxe, e dándolle grande importancia a adecuación ao contexto.

Finalmente, resaltar que o tratamento deste elemento transversal está moi relacionado coa adquisición da Competencia Comunicativa, así que lembramos os elementos globais cos que conta o centro para o fomento deste elemento: departamento de orientación (e especialistas en AL), Equipo de dinamización das linguas, actualmente inmerso na remodelación da Biblioteca (trala concesión do PLAMBE), RadioBosco e impulso ao Plan Lector do centro (sendo prioritaria a incorporación á nosa concreción curricular do fomento da lectura)

2.- EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA (prevención e resolución pacífica de conflitos e fomento de valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a paz, a igualdade, o pluralismo político, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito)

O feito de que a propia escola sexa o lugar de encontro entre persoas distintas que forman unha comunidade e cuxos intereses non sempre son harmónicos, fai da escola un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia esas actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa. Por outro lado, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será o noso obxectivo básico.

Os elementos globalizadores cos que conta o centro para o facilitar o traballo deste elemento transversal son: o traballo que facilita o Departamento de Pastoral (Bos Días, a través do blog, campañas solidarias...) O Departamento de Orientación colabora tamén a través do PAT na ESO, onde se planifican titorías con temáticas que axudan ao tratamento deste elemento, e actuacións máis concretas nas outras etapas, para saír ao paso cando se produce algún conflito, pero tamén como medida de prevención. Finalmente, o Plan de Convivencia propón un marco xeral de actuacións neste senso.

3.- IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES (Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo,

empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente)

Herdada dunha estrutura social e familiar hai un tratamento desigual dos nenos/as na escola, sempre reflexo do que ocorre na sociedade. Polo tanto, consideramos prioritaria a modificación dos hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

En canto á integración globalizada deste elemento transversal a nivel centro, volvemos a facer referencia ao Plan de Convivencia, que recolle actuacións a este respecto, ao traballo dos *¿Días de¿* (principalmente nos Bos Días), en titorías... Pero tamén queremos resaltar que este, quizais máis ca un contido transversal, engloba unha serie de valores fundamentais que toda persoa debería levar por bandeira en todas e cada unha das actitudes da nosa vida. Así a igualdade sen condicións de tódalas persoas a imos defender e practicar constantemente, especialmente en calquera momento en presenza do alumnado, xa que somos modelo e referente e temos que estar á altura.

4.- EDUCACIÓN PARA A SAÚDE (incluída a afectivo-sexual)

Dende o centro promoveranse e fomentaranse todos os hábitos que promovan un estilo de vida saudable. Así, se concienciará da importancia do exercicio físico, da alimentación equilibrada (a través do comedor e das merendas) do correcto descanso, da hixiene, así como doutras que tamén teñan en conta a saúde emocional. Para velar polo correcto desenvolvemento deste elemento a nivel centro, contamos tamén co Departamento de Orientación (que está a desenvolver un programa Afectivo-Sexual para o centro) e o Departamento de Educación Física.

5.- CONSUMO RESPONSABLE E SUSTENTABILIDADE

Os nenos/as son os máis afectados no acoso publicitario que actualmente reina neste modo de vida. Por isto debemos instrumentalizar actividades que outorguen posibles criterios para o uso adecuado dos materiais en función da súa utilización e non de modas ou campañas publicitarias. Por outra banda, tamén resaltamos o énfase na responsabilidade como consumidores fomentando valores de austeridade, solidariedade e reflexión sobre os métodos de produción e obsolescencia programada. Finalmente, tentaremos de sensibilizar ao alumnado sobre a importancia do coidado do Planeta dende a perspectiva de que as persoas non somos as donas da natureza, senón un elemento máis da mesma, entendendo os principais problemas e riscos medioambientais, así como a forma na que se pode contribuír á mellora dos mesmos.

Colabórase con este elemento dende o traballo dos *¿Días De¿*, dende os Bos Días, pero tamén no día a día, tendo o criterio da sustentabilidade á hora de programar actividades que requiran certo tipo de materiais, así coma o seu desperdicio, e da práctica dos 3R.

6.- COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E COMPETENCIA DIXITAL

A comunicación audiovisual abórdase desde dúas perspectivas: por un lado, na variedade de recursos: a inclusión dun gran número de soportes e recursos audiovisuais nas actividades que se concretan na programación de aula permite un tratamento amplo e continuo da comunicación audiovisual. E por outro lado, o traballo sistemático sobre os elementos comunicativos e de significado dos diversos medios e recursos audiovisuais, xa que comprender unha imaxe ou interpretar un determinado recurso audiovisual non son tarefas intuitivas, senón que precisan do coñecemento dos elementos que os integran e do seu valor semántico.

En canto á competencia dixital é a referencia para a integración no currículo deste elemento transversal. Como no resto de elementos, a programación é unha oportunidade para reflexionar sobre os mecanismos e estratexias que permitirán a planificación das actividades adecuadas para o desenvolvemento dixital.

Finalmente resaltar que as tecnoloxías da información e comunicación son fundamentais hoxe, tendo en conta que a escola é a porta cara o futuro, debe ir en consonancia coas novas esixencias formativas da sociedade.

7.- ESPÍRITO EMPRENDEDOR:

Á hora de planificar as tarefas encamiñadas ao desenvolvemento da competencia emprendedora nos alumnos, hai que ter en conta os ámbitos nos que a programación debe incidir: coñecemento, destrezas ou habilidades, actitudes e valores. As actividades onde se expoñan obxectivos vinculados ao emprendimento deben ir encamiñadas a desenvolver as seguintes capacidades:

- A capacidade creadora e de innovación: creatividade e imaxinación; autoconecemento e autoestima; autonomía e independencia; interese e esforzo; espírito emprendedor; iniciativa e innovación.

-A capacidade prol activa para xestionar proxectos: capacidade de análise; planificación, organización, xestión e toma de decisións; resolución de problemas; habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo; sentido da responsabilidade; avaliación e auto-avaliación.

-A capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza: comprensión e asunción de riscos; capacidade para xestionar o risco e manexar a incerteza.

- As calidades de liderado e traballo individual e en equipo: capacidade de liderado e delegación; capacidade para traballar individualmente e en equipo; capacidade de representación e negociación.

- O sentido crítico e da responsabilidade: sentido e pensamento crítico; sentido da responsabilidade.

PUNTUALIZACIÓN AOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN EDUCACIÓN INFANTIL: a presente Concreción Curricular tenta ser globalizadora para todo o centro porque o traballo o máis uniforme posible dende 4ºEI ata 4ºESO que é posible grazas a que o centro é pequeno, pensamos que é unha grande potencialidade que temos que explotar. Agora ben, en algúns casos faise moi complicado e hai que diferenciar un pouco, ben para os pequenos, ou para os grandes. Neste caso pensamos que os elementos transversais de EP e ESO son moi similares, e os que se diferencian un pouco máis son os de EI. Os trazos anteriores son válidos para o tratamento dos elementos transversais en EI, solo que se concretarán en canto a temáticas nunha forma un pouco máis sinxela. Estes son es elementos transversais que se traballaran en infantil (entre parénteses, a correspondencia cos anteriores):

- Desenvolvemento afectivo e xestión emocional (4)
- Hábitos de control corporal (4)
- Pautas elementais de convivencia e relación social (2)
- Coidado da contorna e dos seres vivos (5)
- Educación para o consumo responsable (5)
- Educación igualitaria e libre de estereotipos (3)
- Educación para a paz (2)
- Educación para a igualdade de xénero (3)
- Educación para a saúde (4)
- Educación para a sustentabilidade e a ecoloxía (5)
- Educación para o consumo responsable (5)
- Educación para a solidariedade.(2)

Finalmente, resaltar que para CONTRIBUÍR Á INCORPORACIÓN DESTES ELEMENTOS nas programacións didácticas de todas as materias teranse en conta os seguintes CRITERIOS XERAIS:

- Fomentar o desenvolvemento da dimensión ética e transcendente da persoa.
- Educar para a liberdade, a xustiza, a solidariedade, a paz e o respecto como valores cristiáns que enriquecen a acción educativa.
- Contribuír á individualización da educación, facilitando unha resposta educativa axustada ás necesidades particulares do alumnado e articulando as oportunas medidas de apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe.
- Contribuír ao carácter integral da educación favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa: cognitivos, afectivos, sociais e transcendentales.
- Fomentar a convivencia, a solidariedade, o respecto, o compañeirismo e a amizade entre todos os alumnos da aula desde os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Resaltar os aspectos orientadores da educación, favorecendo para iso a adquisición de aprendizaxes funcionais conectadas coa contorna, de modo que a educación sexa educación para a vida.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade, o espírito emprendedor, o sistema de valores e de toma de decisións respecto ao futuro académico e profesional.
- Prever as dificultades na aprendizaxe, anticipándose a elas e evitando, no posible, fenómenos indesexables como os do abandono, o fracaso ou a inadaptación escolar.
- Contribuír á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias; así como entre a comunidade educativa e a contorna social, facilitando o diálogo e a negociación ante os conflitos ou problemas que poidan exporse.
- Favorecer e estimular as relacións grupais dentro da aula, propiciando oportunidades para que se reúnan, opinen, discutan e organícense entre eles.
- Promover a actividade física e a alimentación equilibrada no desenvolvemento adecuado dunha vida saudable, activa e autónoma.

- Educar e fomentar a dimensión social da persoa e promover a inserción no mundo de forma responsable e solidaria.
- Fomentar o desenvolvemento sostible e o coidado do medio ambiente.
- Previr a inadecuada utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Pretendemos que o noso modelo de educación sexa integral favorecendo o desenvolvemento de capacidades, valores e procedementos na aprendizaxe do alumnado. Deste xeito, convertémonos en mestres mediadores que tratan de que os nosos alumnos desenvolvan as súas capacidades (ensinar a pensar) e valores (ensinar a querer).

Apostamos polas novas metodoloxías de aprendizaxe para que o alumnado acade o seu máximo rendemento. Todo isto dentro dunha aprendizaxe global que busca a integración do maior número de aspectos posibles recollidos dentro dos diferentes núcleos de contidos, relacionando os diferentes elementos do currículo. Como principios metodolóxicos teremos en conta: a experimentación, participación, motivación, inclusión, interacción, avaliación formativa.

Todo isto, podemos concretalo nos seguintes puntos, que serán o marco común ás metodoloxías de todos os docentes do CPR Don Bosco:

- **PLANIFICACIÓN RIGOROSA:** a práctica docente non será froito da improvisación, senón que seremos coidadosos coa planificación dos obxectivos que se pretenden conseguir, recursos necesarios, métodos didácticos máis adecuados e avaliación da aprendizaxe.
- **ELECCIÓN REFLEXIONADA DOS MÉTODOS DIDÁCTICOS:** aínda que plantexamos uns elementos comúns que deberían estar presentes en tódalas materias, a elección da mellor metodoloxía terá que vir finalmente derivada do estudo de diferentes elementos concretos: das metas e dos condicionantes que ten o ensino co fin de propiciar a aprendizaxe do alumnado: a natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características do alumnado.
- **PAPEL DO DOCENTE:** os métodos deben partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; enfocándose á realización de tarefas ou situacións-problema, formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, deben **TER EN CONTA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.
- **ADAPTADA Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:** a metodoloxía facilitará atención á diversidade do alumnado, a atención individualizada, a prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades; así coma tamén a atención do alumnado de altas capacidades.
- **AXUSTADAS AO NIVEL INICIAL E SECUENCIADAS:** as metodoloxías seleccionadas polos docentes para favorecer o desenvolvemento competencial dos alumnos e alumnas se deben axustar ao nivel inicial destes. Ademais, é necesario secuenciar o ensino de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outras máis complexas.
- **MOTIVADORAS:** elemento clave no ensino é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe. O profesorado debe ser quen de xerar no alumnado a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. É necesario que os profesores procuren todo tipo de axudas para que os estudantes comprendan o que aprenden, saiban para que o aprenden e sexan quen de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.
- **Requírense, ademais, metodoloxías ACTIVAS E CONTEXTUALIZADAS.** Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.
- **APRENDIZAXE COOPERATIVA:** as metodoloxías activas débense apoiar en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da interdependencia na resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares, á vez que desenvolven habilidades sociais e comunicativas, favorecendo unha aprendizaxe máis integral.
- **FOMENTADORAS DE PARTICIPACIÓN ACTIVA:** as estratexias interactivas son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas. As metodoloxías que contextualizan a aprendizaxe e permiten a aprendizaxe por proxectos, os 6 centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en problemas favorecen a participación activa, a

experimentación e unha aprendizaxe funcional que vai facilitar o desenvolvemento das competencias, así como a motivación dos alumnos e alumnas ao contribuír decisivamente á transferibilidade das aprendizaxes.

- O TRABALLO POR PROXECTOS, especialmente relevante para a aprendizaxe, baséase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar o alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso en que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorece unha aprendizaxe orientada á acción na cal se integran varias áreas ou materias: os estudantes poñen en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que integran as distintas competencias.

- ATENCIÓN Á SELECCIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS: a selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía; diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxecto de atender á diversidade coa que contamos nas nosas aulas e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais, especialmente no alumnado con medidas de reforzo e apoio.

- COORDINACIÓN ENTRE DOCENTES: é necesaria unha adecuada coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos débense propor unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados que permitan abordar con rigor o tratamento integrado das competencias e progresar cara a unha construción colaborativa do coñecemento. Especial relevancia adquiren as reunións de departamento, e da Comisión de Coordinación Pedagóxica na procura da coordinación necesaria, que terán frecuencia semanal.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto.

De tal modo, establécense oito directrices xerais que perfilan a análise:

1. Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto Educativo do centro.
2. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
3. A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
4. A adecuación aos criterios de avaliación.
5. A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para atención ás diferenzas individuais.
6. A claridade e amenidade gráfica e expositiva, que sexan motivantes e estimulantes.
7. A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

O Equipo Directivo, despois de escoitar a valoración do Departamento de Orientación, elaborará os documentos relativos á oferta de materias optativas, ensinos, itinerarios e proxectos integrados, tal e como se recolle no PEC.

Os criterios para asignar optativas, materias de modalidade e itinerarios estarán baseados na normativa vixente e atenderá ás necesidades maioritarias do alumnado, e ás habilitacións dos docentes, tendo en conta que somos un centro educativo dunha soa liña. Asimesmo, para a elección das optativas tamén se ten en conta a coherencia de materias ao longo da ESO, así como o equilibrio horario entre os diferentes ámbitos.

En 4º da ESO o deseño de itinerario responderá ás necesidades formativas do Bacharelato.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

O centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado. Son os seguintes:

- Todas as actividades complementarias deben responder a unha serie de obxectivos, en consonancia co Proxecto Educativo de Centro, e que teñen que estar recollidos e ser avaliada a súa consecución.
- Poderán estar relacionadas segundo o establecido no currículo como conmemoracións a traballar, ou aportar á consecución das competencias clave, ou ao traballo dos elementos transversais.
- Teñen que ser accesibles e adecuadas á totalidade do alumnado que a vai realizar.
- Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.
- Todos os grupos do centro realizarán polo menos unha actividade complementaria fora do centro cada trimestre.
- Na selección e valoración das actividades complementarias fora do centro, terase moi en conta o criterio económico, xa que temos que asegurar que economicamente as actividades son accesibles para todas as familias (e, en todo o caso, o centro velará porque ningún alumno ou alumna quede sen ir a unha actividade complementaria por razóns económicas)

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Este punto so procede na ESO:

Medidas a tomar co alumnado con materias pendentes:

- Será directamente proposto para reforzo da materia (no caso de que nese curso haxa reforzo da materia correspondente).
- Dende o inicio de curso, o profesorado das materias pendentes elaborarán un documento-reforzo guión cos mínimos esixibles das materias pendentes, así como unha guía de exercicios/actividades tipo, para que o alumnado vaia repasando a materia.
- No caso de que a materia pendente conte con reforzo no curso actual, o profesor irá supervisando a realización do documento-reforzo e poderá responder ás dúbidas deste alumnado nestas horas. No caso de que a materia non conte con horas de reforzo, o documento-reforzo será igualmente entregado a principio de curso. O docente porase á disposición do alumnado con materias pendentes para poder resolver dúbidas, polo menos unha vez cada trimestre.
- No caso de materias con contidos continuos e progresivos en cursos consecutivos, se o docente o considera oportuno, pode dar por superados contidos da materia pendente ao superar contidos relacionados desa materia no curso actual (esta posibilidade estará recollida na programación didáctica, no apartado correspondente á recuperación das materias pendentes)
- Realizarase, polo menos, un exame para a recuperación das materias pendentes en maio (aínda que a convocatoria de maio xa non figura no calendario escolar, o centro opta por seguir dando esta oportunidade para a recuperación das materias pendentes). O alumnado que non supere a materia pendente no exame de maio poderá presentarse de novo na convocatoria oficial de xuño. Nalgúns casos, os docentes poderán dar por superada parte da materia en maio, e facer que o alumnado so se teña que presentar en xuño coa parte non superada. Tamén pode ser que o profesorado faga algún exame máis antes de maio para ir eliminando materia. Isto estará recollido nas programacións didácticas, no apartado correspondente á recuperación das materias pendentes. En todo caso, a maneira de recuperar a materia pendente será informada ás familias.
- Entre setembro e outubro, será enviada unha circular con acuse de recibo a cada familia do alumnado con materias pendentes, para recordar *¿oficialmente¿* que os seus fillos e fillas teñen estas materias pendentes.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Este punto procede nas etapas de EP e ESO.

Os Plans Específicos de Reforzo realízanse de forma personalizada para cada alumno/a que permanece un ano máis no mesmo curso (non promociona). Terán como finalidade atender e superar as dificultades que levaron ao alumno/a a repetir curso. Son elaborados polo equipo docente, coa a coordinación do profesorado titor, baixo a supervisión do Departamento de Orientación, e desenvólvese ao longo de todo o curso.

Teranse en conta para a súa elaboración os seguintes criterios:

- Avaliación inicial onde se estableza claramente de onde partimos.
- Cualificación dos cursos anteriores e informes se os houberse, tanto no D.O. como de titores/as anteriores.
- Análise dos resultados das avaliacións.
- Observación directa do alumnado, traballo na aula, autonomía e axilidade na resolución de problemas.
- Dispoñibilidade horaria do profesorado e distribución equitativa dos reforzos por parte do Equipo Directivo en colaboración co Departamento de orientación.

O plan específico de reforzo deberá incluír, cando menos os seguintes epígrafes:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a permanencia un ano máis no mesmo curso.
- c) Medidas de atención á diversidade adoptadas no curso anterior.
- d) Medias de atención á diversidade que se estiman oportunas de cara ao vindeiro curso académico.
- e) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- f) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

A atención ao alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso non debe desvirtuar o que debe ser a intención fundamental deste curso, que persegue a educación integral de todos os alumnos e alumnas e que se materializa na necesaria integración de todo o alumnado.

Tomaranse medidas adecuadas ás necesidades educativas do alumnado (segundo se recollen nos epígrafes anteriores)

Tanto en EP como en ESO, este alumnado será proposto directamente para ter apoio ou reforzo educativo.

Terase moi en conta a importancia a acción titorial, a través dun bo seguimento para a integración do alumno/a na nova clase.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

O marco legal para a avaliación, promoción e titulación nas etapas de EP e ESO (EI non ao non se tratar de educación obrigatoria, pero os trazos xerais da avaliación e os referentes poderanse facer extensivos esta etapa tamén) ven dado pola Orde do 25 de xaneiro de 2022. Nela se actualiza o relativo á avaliación, que procedemos a concretar para o CPR Don Bosco, en forma de CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN:

¿ TRAZOS FUNDAMENTAIS da avaliación neste centro: OBXECTIVA (o alumnado ten dereito a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan avaliados de forma obxectiva, polo que tamén terán dereito a facer uso dos procedementos de reclamación das cualificacións obtidas cando sexa oportuno) CONTINUA (desenvolverase ao longo de todo o curso, segundo se concretará máis adiante para cada etapa), FORMATIVA (porque pretendemos que dea verdadeira información, tanto aos docentes e familias, como ao alumnado, de como está a ser o proceso de aprendizaxe, para tomar medidas oportunas, por exemplo de apoio ou reforzo educativo, no caso de que non sexa o óptimo: polo tanto será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe) e INTEGRADORA (deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación)

¿ REFERENTES: a avaliación consistirá na comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das etapas, así que terán como referentes neste ano particular de transición curricular entre a LOMCE e a

LOMLOE, para os cursos impares (LOMLOE) os CRITERIOS DE AVALIACIÓN (recollidos por curso e materia en cada unha das programacións didácticas), e para os cursos pares (LOMCE) os CRITERIOS DE AVALIACIÓN e os ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (recollidos por áreas nas programacións didácticas). No caso do alumnado con ADAPTACIÓN CURRICULAR, os referentes serán os recollidos nos correspondentes documentos de AC.

¿ SESIÓNS DE AVALIACIÓN: nas tres etapas contaremos con catro sesións de avaliación: unha avaliación inicial, durante o primeiro mes do curso, e cuxa función é avaliar o nivel do que parte o alumnado, e tres sesións trimestrais. No caso de EI e EP a sesión ordinaria de xuño coincidirá coa avaliación do 3º trimestre. No caso da ESO haberá unha terceira avaliación a principios de xuño, e unha avaliación ordinaria unha vez rematen as clases. Na ESO tamén haberá 3 preavaliacións na metade de cada trimestre (estas aportan unha información ¿extra¿ ás familias, de risco de suspender algunha materia na avaliación, polo tanto, non son cuantitativas). Para cada avaliación (e preavaliación) os coordinadores de cada unha das etapas crearán un documento de acta compartido, no que cada docente cubrirá a información relativa as súas materias para cada alumno/a. Este documento terá que estar cuberto para antes da sesión de avaliación, e a finalidade é que o titor/a de cada grupo teña toda a información recompilada. Ademais, os docentes cubrirán as notas na plataforma Esemtia (plataforma de comunicación coas familias) e en Xade. A persoa titora recollerá na acta decisións e/ou acordos tomados para cada alumno e para o grupo. Estas decisións tomaranse de forma colexiada polo equipo docente (do alumnado en cuestión)

CRITERIOS DE PROMOCIÓN (procede so nas educacións obrigatorias, EP e ESO):

¿ EDUCACIÓN PRIMARIA:

Nos cursos impares (1º, 3º e 5º) a promoción é automática.

Nos cursos pares (2º, 4º, 6º) a promoción seguirá os seguintes criterios

Promocionarase sempre con avaliación negativa en ata un MÁXIMO DE DÚAS materias.

No caso de ter TRES materias suspensas, o alumnado NON promocionará se acada avaliación negativa en tres das seguintes materias de forma simultánea: Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés, Matemáticas, Ciencias da Natureza ou Ciencias Sociais. (De ter dúas destas, e outra das que non está na lista, SI promocionará)

No caso de ter MÁIS DE TRES materias suspensas, non terá lugar a promoción ó seguinte curso, independentemente de cales sexan estas tres materias.

Os criterios de promoción do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de promoción establecidos para cada curso.

Na programación estableceranse os criterios de cualificación de cada avaliación e os criterios de cualificación da avaliación final.

¿ EDUCACIÓN SECUNDARIA:

- Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

- Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Os criterios de promoción do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de promoción establecidos para cada curso.

Na programación estableceranse os criterios de cualificación de cada avaliación e os criterios de cualificación da avaliación final.

CRITERIOS DE TITULACIÓN (unicamente procede na Educación Secundaria Obrigatoria):

- Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

- Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado

nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Os criterios de titulación do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de promoción establecidos para cada curso.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA: (Artigo 5.4 da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia): Propoñerase o outorgamento dunha mención honorífica, segundo os seguintes criterios: 1. Superar todas as áreas da etapa 2. Obter sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias 3. Demostrar un rendemento académico excelente, que se considerará cando o alumnado obteña unha nota media no 6º curso de EP igual ou superior ó 9,5.

ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA: Tendo en conta o alumnado matriculado no centro, corresponde 1 MH. Esta será outorgada ó alumno/a que teña maior media en 4º ESO. De haber máis de un/ha coa mesma media farase media de 3º ESO, de haber máis de un/a coa mesma media en 3º ESO e 4º ESO farase a media de 2º ESO, de haber máis de un/a coa mesma media en 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO farase a media de 1º ESO de haber máis de un/a coa mesma media en 1º, 2º, 3º e 4º ESO farase un sorteo.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os decretos 150/2022 do 8 de setembro, 155/2022 do 15 de setembro e 156/2022 do 15 de setembro que establecen os currículos para as etapas de educación infantil, primaria e secundaria respectivamente, indican tamén a obriga de recoller todos os elementos curriculares na PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA de cada materia e curso. Neste curso 22-23 ponte entre dúas leis, as programacións terán dous formatos: documentos clásicos de programacións por área, para os cursos pares de EP e ESO, e programación para cada curso e materia a través da aplicación PROENS para EI e os cursos impares de EP e ESO.

En todo caso, en todas elas seguirase o índice proposto por ditos currículos, concretados nos seguintes puntos, cos seguintes criterios (e coa guía da presente Concreción Curricular:

1. Introducción (debe incluír unha pequena xustificación dos trazos xerais da materia para cada curso, e a concreción para o contexto de centro e grupo de alumnado á que está dirixida)
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias (terase en conta e concretará para a materia as liñas xerais de centro para o desenvolvemento das competencias de forma global, aquí recollidas)
 - 3.1. Relación de unidades didácticas (no caso de seguir algún libro de texto, tentarse seguir a distribución do mesmo, ou, de ser o caso, a distribución das mesmas segundo a orde que o docente decida levar)
 - 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas
 - 3.3. Avaliación das unidades didácticas (neste punto incluíranse os instrumentos para a avaliación das mesmas)
 - 4.1. Concrecións metodolóxicas (concretarán, para cada materia e curso, as liñas xerais recollidas na presente Concreción Curricular, coas particularidades a ter en conta para da un)
 - 4.2. Materiais e recursos didácticos (detallaranse os recursos didácticos utilizados para cada curso e materia, con especial relevancia do libro de texto e libros de lectura obrigatorios, para aquelas en que os haxa)
 - 5.1. Procedemento para a avaliación inicial (recolle o deseño dos instrumentos para a avaliación inicial de cada materia, así como un esbozo das liñas de actuación en consecuencia dos resultados obtidos)
 - 5.2. Criterios de cualificación e recuperación (neste punto o profesorado indicará a forma na que se obteñen as cualificacións dos trimestres e do curso, en base á ponderación que se lle dea en cada materia e curso aos diferentes elementos e instrumentos de avaliación, así como os mecanismos para a recuperación daquela materia que o alumnado non dea superado durante o curso)
 - 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes (concrétanse as liñas xerais marcadas nesta CCC)
6. Medidas de atención á diversidade (recolle os diferentes mecanismos de atención á diversidade de que dispón o centro, recollidos de forma xeral no Plan de Atención á Diversidade, elaborado anualmente polo Departamento de Orientación)
 - 7.1. Concreción dos elementos transversais (indicará como se aterran a cada curso e materia os elementos transversais recollidos na presente Concreción Curricular de Centro, tendo en conta os trazos xerais aquí marcados)

7.2. Actividades complementarias (cada programación recollerá as actividades complementarias relacionadas coas materias correspondentes, e que serán seleccionadas atendendo aos criterios xerais indicados nesta Concreción Curricular de Centro)

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro (o profesorado recollerá nas súas programacións o procedemento para a avaliación do ensino e a practica docente, segundo se máis adiante neste mesmo punto da presente CCC)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora (o profesorado recollerá nas súas programacións o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora, segundo se recolle máis adiante neste mesmo punto da presente CCC)

9. Outros apartados (neste punto incluíranse os elementos fundamentais da programación que non teñan cabida noutros epígrafes da programación, no caso de ser necesario)

10.1. Distribución CA por UD (por OBX)

10.2. Distribución CA por UD (por Bloque)

10.3. Orientacións pedagóxicas: Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

- PROCEDEMENTO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE:

INDICADORES DE LOGRO:

Preparación da clase e dos materiais didácticos: existencia de coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.

Preparación da clase e dos materiais didácticos: Distribución temporal equilibrada e axeitada.

Preparación da clase e dos materiais didácticos: Adecuación dos materiais e recursos utilizados

Metodoloxía: Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas

Metodoloxía: Fomento da motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.

Metodoloxía: uso de metodoloxías activas.

Avaliación: Utilización de distintos instrumentos de avaliación adecuados aos diferentes contidos.

As familias coñecedoras dos criterios de avaliación e cualificación.

O alumnado coñecedor dos criterios de avaliación e cualificación.

Atención á diversidade: Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.

Atención á diversidade: Aplicación das medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo ás distintas necesidades.

DESCRIPCIÓN: Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican, utilizando táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado e familias farase a través de preguntas recollidas nas enquisas de calidade de final de curso.

- PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

A adecuación da programación debe ser revisada periodicamente, xa que é fundamental que a programación se poida ir amoldando ás necesidades do alumnado e ás incidencias do día a día.

Desta forma, o profesorado valorará a adecuación da súa programación, en base aos indicadores presentados no punto 8.1 da presente programación, en tres momentos ao longo do curso:

- Nun primeiro momento, trala avaliación inicial (para axustar a programación ao punto de partida do alumnado, e propoñer as medidas de atención ás necesidades que sexan necesarias)

- Ao final de cada trimestre, para valorar se se está a seguir de forma adecuada a programación (especialmente no que se refire á temporalización e traballo dos diferentes criterios)

- Ao final do curso: ademais do anterior, farase unha análise das unidades dadas respecto das programadas, da porcentaxe de alumnado aprobado e dos criterios de avaliación traballados. Con esta información realizaranse as memorias das materias, que conterán propostas de mellora a ter en conta na programación da materia do seguinte curso.

- INFORMACIÓN A ALUMNADO E FAMILIAS

Ao principio de curso o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria será informado dos aspectos máis relevantes das programacións didácticas (con especial atención ao entendemento dos criterios de avaliación). En canto á información das materias pendentes, as familias serán informadas a través o mecanismo xa explicado no apartado correspondente da presente CCC.

Así mesmo, os trazos principais das programacións didácticas serán explicados tamén nas reunións de inicio de curso

que os titores manteñen coas familias, e lles será indicado que as programacións teñen carácter público, e poderán ser consultadas cando o consideren preciso.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, así como outras entidades.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que:

- Axúdannos a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo.
- Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas áreas das linguas.
- Permiten crear lectores/as eficientes.
- Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.
- Os que colaboran a competencia plurilingüe e completan a a nosa aposta por un centro plurilingüe que capacite ao noso alumnado a se desenvolver co nivel adecuado nas catro linguas polas que apostamos (lingua castelá, galega, inglesa, e francesa, esta última na ESO)
- Aqueles que axudan a dar impulso a innovación pedagóxica e ás metodoloxías activas para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Permiten mellorar a cobertura do alumnado vulnerable, especialmente ao alumnado con necesidades de apoio educativo.
- Facilitan o acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación, así como á mellora en xeral da competencia dixital.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características do centro.

Se a elaboración das programación parte da Concreción Curricular de Centro, como liña xeral que da uniformidade e coherencia a nivel colexio en todas as etapas, materias e cursos, a avaliación da Concreción Curricular seguirá o camiño inverso: partirá da análise das memorias de final de curso das materias, xunto coas memorias de Equipos, Programas e Plans do centro (incorporadas todas elas na memoria anual de centro) e do Departamento de Orientación, así como a análise das enquisas realizadas a alumnado e familias. Todas esta información pasará pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e polo Equipo Directivo, de onde saíran as propostas de mellora a incluír como modificación á Concreción Curricular de Centro en posteriores revisións. A idea é que a revisión estea finalizada ao comezo do vindeiro curso, para que xa poda volver ser tida en conta no momento da elaboración das programacións.

En canto aos indicadores que se avaliarán para a revisión e modificación, estarán referidos a adecuación dos criterios seleccionados en cada un dos puntos que abrangue a Concreción Curricular.

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro:

- Foi axeitada a adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro ? (SI/NON)
- En caso de que a resposta sexa negativa, indicar en que casos, e propostas de mellora.

b) A contribución á adquisición das competencias

- Serviron as claves plantexadas neste documento á mellora da adquisición das competencias clave? (SI/NON)
- En caso de que a resposta sexa negativa, indicar en que casos, e propostas de mellora.

c) Os criterios para incorporar elementos transversais

- Foron adecuados os criterios para a incorporación dos elementos transversais? (SI/NON)
- En caso de que a resposta sexa negativa, indicar cal (ou cales) non o foron, e propostas de mellora.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

- Foron axeitados e/ou suficientes os criterios xerais en canto á metodoloxía? (SI/NON)
- En caso negativo indicar cales criterios non son adecuados, e cales faltan.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.

- Foron adecuados os criterios sobre materiais e recursos didácticos? (SI/NON)

- En caso de que a resposta sexa negativa, indicar cal (ou cales) non o foron, e propostas de mellora.
- f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso.
 - Son adecuados os criterios sobre a optatividade? (SI/NON)
- En caso de que a resposta sexa negativa, indicar o criterio (ou criterios) a ter en conta, e propostas de mellora.
- g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias
 - Foron adecuados os criterios sobre as actividades complementarias? (SI/NON)
- En caso de que a resposta sexa negativa, indicar cal (ou cales) non o foron, e propostas de mellora.
- h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocioe con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores.
 - Foron adecuados os criterios sobre o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocioe con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores? (SI/NON)
- En caso de que a resposta sexa negativa, indicar cal (ou cales) non o foron, e propostas de mellora.
- i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.
 - Foron axeitados os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso? (SI/NON)
- En caso de que a resposta sexa negativa, indicar en que casos, e propostas de mellora.
- j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación.
 - Foron adecuados os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación? (SI/NON)
- En caso de que a resposta sexa negativa, indicar cal (ou cales) non o foron, e propostas de mellora.
- k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra.
 - Foron axeitados os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra? (SI/NON)
- En caso de que a resposta sexa negativa, indicar cal (ou cales), e propostas de mellora.
- l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias
 - Foron adecuados os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas(SI/NON)
- En caso de que a resposta sexa negativa, indicar cal (ou cales) non o foron, e propostas de mellora.
- A información sobre as programacións chegou ben ás familias e ao alumnado? (SI/NON)
- En caso de resposta negativa, incluír propostas de mellora para a información.
- m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
 - Foron axeitados os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas? (SI/NON)
- En caso de que a resposta sexa negativa, indicar cal (ou cales), e propostas de mellora.

o) Outros apartados